

Na semana da Folga Mundial polo Clima, o CM Barbanza insta a mellorar as prácticas en relación aos residuos

Prácticas como a prevención de residuos, a compostaxe e a reciclaxe implican grandes aforros de emisións de gases de efecto invernadoiro responsables entre outros, do quecemento global.

Lousame, 26 de setembro de 2019

Ao longo de esta semana estanse a celebrar diferentes actos en varios municipios e localidades de Galicia en defensa do clima e para pedirles aos gobernos medidas efectivas fronte a crise climática.

Desde o Complexo Medioambiental do Barbanza tamén queremos ser partícipes e contribuir na defensa do noso planeta e do medioambiente. De aí a importancia de lembrar o impacto e a influencia do transporte e o tratamento dos residuos nas emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI), e facemos un chamamento para aplicar as mellores prácticas para reducir estes efectos.

A correcta xestión dos residuos para combater o quecemento global

Segundo afirma o Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático (IPPC), se se quere manter o quecemento global moi por debaixo dos 2°C, a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro de todos os sectores é fundamental, e o sector dos residuos non é unha excepción. A **influencia global das actividades de xestión de residuos sobre o balance de emisións de GEI é moi relevante**, pois libera dióxido de carbono na recollida, transporte e incineración dos residuos, e metano (vertido de residuos biodegradables).

Así, a **prevención de residuos** é sen dúbida a opción ambientalmente máis eficiente, evitando a xeración de GEI derivados do tratamento como é a produción da materia prima. Evitar a sobre-embalaxe dos produtos, mercar produtos a granel e de cercanía, prescindir da bolsa de plástico, etc, son algunhas prácticas que fomentan a minimización dos residuos e polo tanto contribuímos á vez, na redución dos gases de efecto invernadoiro.

A **reutilización e a reciclaxe** implican tamén grandes aforros de emisións, transformando materiais de refugallo en recursos valiosos. É imprescindible realizar unha correcta separación en orixe desde as vivendas para maximizar a calidade dos materiais e reciclar e minimizar a eliminación de rexeites.

Non podemos esquecernos nesta materia da **compostaxe dos residuos biodegradables** (restos de comida, poda, etc), separados en orixe nos concellos adheridos ao CM Barbanza, que permite obter compost para os solos agrícolas e de xardinería, mellorando o crecemento dos cultivos e evitando a súa erosión.

Ademais dos beneficios que produce nos solos e cultivos, a práctica da **compostaxe caseira e comunitaria** permitirá ademáis aforrar os GEI asociados ao transporte da metade dos residuos que producimos a diario.

A crise climática, un grave problema do presente que compromete o futuro do planeta

Diferentes organizacións de Galicia participarán na **folga polo clima** que se celebrará o vindeiro **27 de setembro** a nivel internacional. Máis de 50 asociacións e colectivos subscribiron o manifesto do **Movemento Galego polo Clima** para “pedir aos gobernos medidas efectivas fronte á crise climática”.

O manifesto dos grupos ecoloxistas galegos consta de demandas nas que o movemento insta a **todas as institucións a** "declarar e asumir a emerxencia climática como un grave problema". Pídenlles amais, "tomar medidas reais e efectivas para a eliminación de emisións de gases de efecto invernadoiro" e "acordar medidas para loitar contra a contaminación do CO₂".

Maila que ao longo xa de toda esta semana se están a levar a cabo diferentes actos en varios concellos de Galicia, o venres 27 de setembro hai convocadas concentracións e manifestacións nas cidades e vilas galegas para reclamar "accións urxentes" que fagan "fronte ao cambio climático" e que "garantan un futuro para as xeracións máis novas", así como tamén se anima a realizar unha "folga de consumo" durante ese día.

Saúdos,

Benito García

DIRCOM

Complexo Medioambiental Serra do Barbanza

604 000 742

cmserradobarbanza.gal